

FINALIDADES DA EDUCACIÓN INFANTIL

A Educación Infantil ten como finalidade contribuír a través da acción educativa ó desenvolvemento harmónico do alumnado nos seus distintos ámbitos:

➤ **DESENVOLVEMENTO MOTOR** cara ó progresivo dominio e control corporais, dende a motricidade xeral, ó finamento muscular da motricidade fina, á representación do corpo e a súa acción ubicada nun espazo-tempo.

➤ **DESENVOLVEMENTO COGNITIVO**, dende o sensoriomotor ata a construción de significantes diferenciados que a criatura acadará coa representación.

➤ **DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE**, que permitirá ós nenos/as construír esquemas cognitivos, exercer os seus mecanismos intelectuais, recibir e emitir informacións, así como integrar e vivir as súas relacións afectivas e construír a súa personalidade.

➤ **DESENVOLVEMENTO DAS RELACIÓNS SOCIO-AFECTIVAS**, que facilitarán o descubrimento da propia identidade e a súa inserción social, así como a adquisición de hábitos, actitudes e normas que rexen a vida en grupo. Será preciso fomentar comportamentos solidarios de cooperación e promover actitudes non discriminatorias relacionadas co sexo, a orixe racial, cultural e relixiosa, a capacidade persoal, ...

➤ **DESENVOLVEMENTO DA AUTONOMÍA PERSOAL** mediante o afianzamento da propia identidade, o coñecemento e aceptación das propias posibilidades e limitacións e a consecución dunha autoimaxe e autoestima positivas.